

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26 de marzo de 2021 adoptou, entre outros, o seguinte acordo, que na súa parte dispositiva di:

7.7586.- **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA COMPOSTAXE LOCAL PARA OS BIORRESIDUOS MUNICIPAIS DO REVITALIZA**

Visto o informe-proposta do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 8 de marzo de 2021, co seguinte teor literal:

“O técnico que subscribe, no exercicio das competencias que ten asignadas e de acordo co disposto no artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, eleva a seguinte

PROPOSTA

OBXECTO

A presente proposta, de carácter administrativo, ten por obxecto emitir unha declaración de xuízo sobre a idoneidade de tramitar e aprobar a modificación da Ordenanza Reguladora da compostaxe local dos biorresiduos municipais do REVITALIZA.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. A Deputación de Pontevedra está a impulsar dende o ano 2015 un Plan de residuos municipais baseado na compostaxe denominado REVITALIZA.

A súa razón de ser é tentar cumprir, e incluso superar, os obxectivos fixados na normativa europea, estatal e autonómica en canto ás porcentaxes de residuos municipais previstos, reutilizados ou reciclados, dentro do obxectivo xeral dunha eficiente utilización dos recursos. Neste sentido, o artigo 22 da Lei estatal 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, establece a obrigatoriedade de que antes do 2020 “...la cantidad de residuos domésticos y comerciales destinados a la preparación para la reutilización y el reciclado para las fracciones de papel, metales, vidrio, plástico, biorresiduos u otras fracciones reciclables deberá alcanzar, en conjunto, como mínimo el 50% en peso”.

Cabe ter en conta, ademais, que a Unión Europea xa estableceu a obriga de compostar en orixe ou recoller separadamente os biorresiduos antes do 31 de decembro de 2023; e no ámbito autonómico galego, a recentemente aprobada Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados, incorpora como obriga para os concellos a implantación, no mesmo horizonte temporal (antes do 31 de decembro de 2023), da recollida separada dos biorresiduos no servizo de xestión de residuos municipais.

No REVITALIZA téntase aplicar ao máximo posíbel os principios fixados polo paquete legislativo derivado da Directiva Marco de Residuos da UE, é dicir: Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, Plan Estatal de Prevención de Residuos, PEMAR, PXRUG, etc., incorporando tamén o posterior Paquete sobre Economía Circular. Estes principios serían: fomento da economía circular, autosuficiencia, proximidade (quilómetro



cero), responsabilidade ampliada do produtor, xerarquía de residuos e redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (GEIs).

O REVITALIZA conta nestes momentos cun total de 48 concellos adheridos e un longo treito andado que fixo necesario dotarse dunha ordenanza reguladora na que se recollen as normas que deben rexer o seu funcionamento, razón pola que o Pleno Provincial, na sesión celebrada o 26 de outubro de 2018, acordou aprobar inicialmente a “Ordenanza reguladora da compostaxe local para os biorresiduos municipais do REVITALIZA”; acordo que quedou elevado a definitivo ao non producirse alegacións no período de información pública e cuxo texto íntegro foi publicado no BOPPO nº 21, de 30 de xaneiro de 2019.

A través desta ordenanza, ademais de recoller a experiencia acumulada a través da implantación do propio REVITALIZA, conseguiuase completar e sistematizar as normas de funcionamento do plan e consolidar as obrigas e dereitos que asisten ás institucións implicadas (Deputación e Concellos).

Segundo. Unha vez avanzado na implantación do REVITALIZA nos termos expostos, detectouse a necesidade de modificar este instrumento normativo coa finalidade de acadar dous obxectivos principais: por un lado, axeitala Ordenanza á situación real existente entre os concellos adheridos modificando os obxectivos das porcentaxes de tratamento dos biorresiduos e adecuando as súas obrigas, incluíndo a necesidade da implantación e reforzo, segundo os casos, do servizo de vixilancia, inspección e control do servizo de residuos municipais; por outra banda, establecer unha colaboración activa para dotar aos concellos dos instrumentos normativos precisos que consoliden os avances xa acadados e aumenten o ritmo de implantación do novo sistema de tratamento de residuos baseado na compostaxe, tales como a ordenanza reguladora do servizo e fiscal.

Terceiro. Para levar a cabo o anterior, propónse a modificación da Ordenanza reguladora da compostaxe local para os biorresiduos municipais do REVITALIZA nos seguintes termos:

Artigo 11 (Obrigas da Deputación de Pontevedra)

Engádense, ao final, dous apartados máis aos nove orixinais:

- Redactar unha ordenanza base ou ordenanza tipo do servizo de xestión dos residuos municipais adaptada á normativa e aos obxectivos do Revitaliza que serva de base para as ordenanzas municipais.
- Redactar unha ordenanza base ou tipo fiscal do servizo de xestión dos residuos municipais adaptada á normativa e aos obxectivos do Revitaliza que serva de base para as ordenanzas municipais.

Artigo 12 (Obrigas dos Concellos)

Modifícanse as porcentaxes e os prazos dos dous primeiros apartados quedando redactados do seguinte xeito:

- Que dentro dos 6 anos contados dende a data de adhesión, como mínimo un 65% do total dos seus biorresiduos sexan:
 - Ben non producidos (evitando o “desperdicio alimentario”).
 - Ben reutilizados/reaproveitados (alimentación animal local).
 - Ben compostados, sexa “localmente” (sen necesidade de recollida), ou “non localmente” (con recollida).
- Que dentro dos 6 anos contados dende a data de adhesión, como mínimo un 50% do total dos seus biorresiduos sexan compostados (local ou non localmente).

Engádense, ao final, tres novos apartados:



- Aprobar unha ordenanza do servizo de residuos municipais adaptada á nova lexislación e aos obxectivos do plan Revitaliza.
- Aprobar unha ordenanza fiscal de residuos municipais adaptada á nova lexislación e aos obxectivos do plan Revitaliza.
- Instaurar ou reforzar, segundo os casos, un servizo de vixilancia, inspección e control dos residuos municipais.

Engádesse unha disposición adicional despois do último artigo:

Disposición adicional única.- Nas convocatorias de calquera tipo de axudas, sexan en material, aportación de persoal, transferencias ou subvencións, para a implantación do Revitaliza en calquera das súas fases, teranse en conta e valorarase o cumprimento de todos os apartados do artigo 12, podendo ser o seu incumprimento motivo de exclusión.

Modifícase a disposición transitoria única, engadíndolle ao final:

salvo no que poida resultar da aplicación do disposto na disposición adicional.

Cuarto. A proposta de modificación da Ordenanza axústase ao principio de boa regulación contido do artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), así coma aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica e eficiencia, en tanto que a súa aprobación está motivada pola consecución de obxectivos de interese xeral e medioambientais, é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea, non se producen cargas administrativas innecesarias e a súa aprobación non supón unha maior afectación aos gastos e ingresos públicos presentes ou futuros.

Aínda que nos atopamos ante unha modificación puntual dunha Ordenanza previamente aprobada, nesta tramitación posibilitase igualmente o acceso universal e sinxelo dos documentos propios do seu proceso de elaboración, realizándose durante un prazo de dez días hábiles unha consulta pública a través do portal web da Deputación de Pontevedra para recoller a opinión das e dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas, dando cumprimento ao establecido no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. A Deputación de Pontevedra ten entre as súas competencias a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social en toda a provincia e asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, entre os que se atopan a recollida e tratamento de residuos.

Segundo. Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 26.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 13 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local, nos concellos de menos de 20.000 habitantes a Deputación coordinará a prestación dos servizos de recollida e tratamento de residuos; pola súa banda, o artigo 36.1.c) da citada Lei establece que é competencia da Deputación a prestación dos servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal, e o fomento ou, no seu caso, a coordinación da prestación unificada de servizos dos concellos do seu respectivo ámbito territorial. En particular, asumirá a prestación do servizo de tratamento de residuos nos concellos de menos de 5.000 habitantes cando estes non procedan á súa prestación.

Terceiro. A modificación desta Ordenanza elaborárase ao abeiro da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais no artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das



bases do réxime local e no artigo 6 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, segundo os principios de legalidade, competencia, seguridade xurídica e xerarquía normativa do artigo 103.1 da Constitución, que, xunto co afondamento nos obxectivos sinalados, levan á Deputación de Pontevedra a tramitar e aprobar a modificación da Ordenanza provincial reguladora da compostaxe local dos biorresiduos municipais do REVITALIZA.

A modificación seguirá os trámites propios do réxime de aprobación das ordenanzas das entidades locais recollidos basicamente nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, infórmase favorablemente a modificación da Ordenanza provincial reguladora da compostaxe local dos biorresiduos municipais do Plan REVITALIZA.”

Visto o informe emitido o 11 de marzo de 2021 pola Secretaría Xeral favorable á proposta de modificación da Ordenanza reguladora da compostaxe local para os biorresiduos municipais do Revitaliza, sendo o órgano competente para a súa aprobación o Pleno por maioría simple.

Vista a dilixencia de conformidade emitida en data 12 de marzo de 2021 pola Intervención Provincial co código seguro de verificación (CSV):7ZAS82EGQGDDMU53, en relación ao citado informe-proposta do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Á vista do exposto, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente e de acordo co disposto nos artigos 33.2.b) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos en contra do PP:

Primeiro. A aprobación inicial da modificación da Ordenanza provincial reguladora da Compostaxe local para os Biorresiduos Municipais do REVITALIZA.

Segundo. A exposición pública da mesma por un prazo de trinta días hábiles a efectos de reclamacións e suxestións, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Deputación. Así mesmo, publicarase o texto da modificación da Ordenanza na páxina web provincial durante ese prazo ao obxecto de dar audiencia á cidadanía afectada e recadar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.



No caso de non presentarse reclamacións, suxestións ou aportacións, a modificación da Ordenanza entenderase definitivamente aprobada.

Terceiro. Resultas as reclamacións polo Pleno da Corporación, de ser o caso, ou elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial, de non se formular alegacións, procederase á publicación do texto íntegro da Ordenanza xa modificada no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia, non entrando en vigor ata que se efectúe dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Pontevedra, 6 de abril de 2021

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Asistencia Intermunicipal.

Pleno ordinario 26-marzo-2021

5



